


Núm. 91

Tomo 8.º

nós





BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Hortas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península 6'00 pesetas.
Fora da Península 8'00 »
Número solto 0'70 »

Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Estatua, por XESÚS BAL.
Cantiga Cívica, por BOUZA BREV.
Romances da Frebe, por RAMÓN CABANILLAS.
No día de Galicia, por CABADA VÁZQUEZ.
Epitalamio, por R. CARBALLO CALERO.
Val agonizar o día, por ALFONSO CASTRO DONO.
Saluto, por ALVARO DE LAS CASAS.
Noroeste, por X. M.^a CASTROVIEJO Y BLANCO-CICERÓN
Mariñeira do Vento, por JOHAN CARBALLEIRA.

Cantarela d'Amor, por A. DÍAZ DE HERRERA.
Cantigas da Noite, por X. M.^a DE LA FUENTE BERMÚDEZ
Igrexafelta, pol-o MARQUÉS DE FIGUEROA.
Invocazón, por A. GÓMEZ LEDO.
A Nosa Nai Galiza, por FRANCISCA HERRERA GARRIDO
In Angore Gaudium, por AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO
Solpor, por GONZALO LÓPEZ ABENTE.
Nocturno, por JOHAN VIDAL MARTÍNEZ.
¡Chove!, por XERARDO ALVAREZ LIMESES.
Traíñeiros de Laxe, por ANTÓN ZAPATA GARCÍA.

IMPRESA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárragos

Hortas, 20

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Sto Domingo, 47-2.

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIII




Ourense Día de Galicia do 1931



Núm. 91

A festa de Galicia, sonora sobre toda cousa, esperta os carrillóns da terra, en roda, iste ano, como nunca, rebuldeiros. Un estrano boureo anunza o agromar de durmidas profecías nos beizos do oráculo da Galicia plena. Conmóvense as línguas dos metaes nobres do espírito en fortes himnos trunfás e os paxaros das emozóns gardadas nas verbas fecundas óuvense cinir nos ares mestos de arumes montesíos e salgadas esenzas mariñeiras. Galicia toda é un corazón a tremer espranzado e o "NÓS" arrecadando en feixe eterno as tubas dos Poetas ceiba n-estas páxinas as notas supremas da nosa África que vai xigantesca, mundo adiante, deitando o tema inmenso:

|||GALICIA, GALICIA, GALICIA!!!



ESTATUA

Ela é a que fai caer as follas do outono
e a que lles rouba as roitas ós paxaros.
A que leva os cegos deica os abismos
e a que desacouga os instintos dos adolescentes ciclistas.
Acaron d'ela o noso amor trónzase as mans.

XESÚS BAL

CANTIGA CÍVICA

Ai, n-este Corpus... ¡Os bilitroques
guindan os seus corazóns pol-os montes!

Os chuchameles mail-as carqueixas
escoarán as verdades abertas!

Todo o que é lilio, todo o que é merlo
hase esfollar pol-os campos galegos!

Todo o que é fonte, todo o que é fror
halle arrincar arrecendos ó sol!

Pontes de escumas, nubens de rosas
pra acariñar, amantiño, nas cousas!

Arcos de grilos e carricantas
pra que se abrouxen as cósmicas agras!

Regos de aves, niños de estrelas
pra rebuldar ca enxebreza da Terra!

Pazos de orballo, medas de vieiros
pra apousentar os seus pulos inmensos!

Beilade ceos, troulade mares
hastra que tolos da baila caiades!

Medrade soutos e codesidos
que hai que abranguer todo!-os infinitos!

Fragas de ideias, searñas de astros
pra rebrincar pol-os mundos abaixo!

Arcos-da-vella de volvoretas
pra aduviar as esenzas eternas!

Todal-as notas, cósmica lira,
pra descordar no nadal de Galiza!

BOUZA-BREY

4 San Xohan 1931.



ROMANCES DA FREBE

I

Os mortos bradan na noite
a queixa anerga e racial
e os farrapos das mortallas, baixo á lúa,
son bandeiras no pinal.
Os corvos das Illas Sagras
furan e lañan o chan:
os hosos desenterrados
loitan para se xuntar.
A man de pedra do Nerio
detivo o sol sobre o mar...
¡O sol e os patrios degaros
endexamáis se porán!

II

Antre as uces, silenzosos,
andan lobos a rondar:
os arrepiados fuciños
runxidos dá fame tran,
nas brasas vivas dos ollos
lume roxo, de queimar,
cada dente carniceiro
unha folla de puñal
e as enxías amarelas
deitan fíos de arrabiado solimán.

¡Atranca as portas, Quereñol
¡Cerra o camiño a Torall
Son os lobos! ¡Son os lobos ladroeiros!
¡Son os lobos da camada castelán!

III

Nos labrados do Obradoiro
hai soños á madurar.

O ferro frorece. Os santos
de pedra rompen a andar.

Greas de vivos e mortos
chamadas de un mesmo afán,
dos catro rumbos da Terra
saíen a pelegriñar.
Levan por diante unha estrela,
Sant Iago por Capitán.

Sobre o Pazo de Raxói
voa a pomba de Grial
e ó longo dos corredores
ollos que miran pasar
capas albas de raíña,
púrpuras de cardeal.
Nas cadeiras dos estrados
érguense, a xuramentar,
vellos escanos que portan
núas espadas na man.
Voces das montañas outas,
balbordos da beiramar.
Batelar de Terra ceibe
nos sinos composteláns.

RAMÓN CABANILLAS



N O D Í A D E G A L I C I A

Cantora de Galicia,
esperta do teu sono! Erte... Cantal...

Chegamos en romaxe á tua beira,
nesta magna *Diada*,
nas máns co a ofrenda sagra de unhas rosas,
nos beizos á emoción de unha pregaría.

Non vimos á chorar a tua perda,
de abondo xa chorada,
nin á enxoitar tampouco as bágoas nosas.
Outra minción máis outa e máis honrada
traguemos que cumprir os eiquí xuntos
ó pé da tua estatua:

Queremos ser cruzados de Galicia;
queremos afincar a fé na Causa,
e vimos para armarnos cabaleiros
nesta cibdade santa,
gardadora das cinzas de Santiago,
e verdadeiro altar da nosa patria;
cabaleiros de Cristo e de Galicia,
defensores das liberdades sagras
da Terra, e da Fé ardente
que eiquí o Santo Apóstol predicara.

Queremos, Rosalía, que oxe encendas
no noso peito as roxas labaradas
que outrora os teus *Cantares*
e as tuas *Follas Novas* inspiraran.
Nas chamas de ise fogo sagrosanto
temprarmos vimos pr-á loita as nosas armas,
e á recoller alentos
e folgos pra seguir a roita sagra
que tí nos amostrache nos teus versos
e a miúdo amoleceche co as tuas bágoas.

Repara en derredor,
esperta, nosa Santa,
i-escoita as notas fortes e bariles
que ven ceibando ó vento a nosa gaita.
Non chora, cal dinantes nos dixeras,
non chora, non, que canta:
canta o rexurdimento de unha terra,
o despertar grorioso de unha raza,
o abreinte de unha data que se achega,
o trunfo de unha loita que se agardal

Galicia xa desperta
do sono en que dormira escravizada,
e a voz dos xenerosos
exténdese por montes e valgadas
chamándonos á loita que escomeza
pra conquistar a liberdade ansiada.
Mais hainos que están xordos,
e n-oien a chamada,
e cegos, e non ven o que lle ofrecen,
e coxos ou barados, e non andan.

Por ises malpocados
tamén nosa pregaría:
Que a gracia de El Señor lles abra os ollos,
que anden, e que escoiten nosa fala;
que prenda o amor da terra nos seus peitos,
e abraza a cobardia das suas almas.

Galicia!... Nai Galicia!... Terra a nosa!...
Caíamos por Galicia na batalla!

CABADA VÁZQUEZ

Iste traballo será leído pol-o seu autor ó pé da estatua de Rosalía, co gallo da magna procesión cívica que se celebrará oxe en Santiago.



E P I T A L A M I O

Tinxe, tinxe os teus beizos co sangue do sol-pôr;
enmourece as túas olleiras con brétema;
e prolonga as túas cellas con farrapos de noite.

Peitea os teus cabelos co peite da ponte;
enguedella neles a Sirius como unha fror;
acouga no teu peito o río como un colar.

Ca lanza da túa ollada fura os astros.
e pon os luceiros como anelos nas túas mans
e o sol e a lúa como pulseiras nas túas monecas.

Molla, molla os teus beizos na auga miragreira da saudade
pra que me seipan a caraveles mortos cando os bique.
Morda, morda a túa boca a semiesfera do horizonte
pra que me seipa a laranxa roubada cando a beixe.

Déitate encol do leito da serán
cunha rosa na palma de cada man,
cunha estrela no cume de cada peito;
e agárdame
co corazón apreixado pol-a man do degaro.

Cando chegue a coller os acios da túa vide
exaltarás a vida ós ollos meus.

E as vésporas serán arcanxos guerreiros
e ronseles de luz os vermes
i estrelas de cinza as arañas.
E os penedos escadarán o ceo
e as ardentías lavarán a fronte de Dios.

Cando chegue a coller as frores do teu xardín
a inxeleza cantará na miña vida
como un xílgaro nun piñeiro.

E poderéi escorrentar os ciumes cos abanos das túas mans,
axerfar o hidro do desexo na xerfa dos teus sendóns,
arranxar o nó da gravata ó espello da túa i-alma,
acender o cigarro nos teus ollos
e me limpar o pó co cepillo das túas verbas.

R. CARBALLO CALERO



V A I A G O N I Z A R O D I A

Pol-os mares do infinito
a nao ardente camiña;
deixando detrás o sangue
entramentras que agoíza.

Pastores, fuxí do monte
que vai a morrer o día!

Envolveita pol-as tebras
sai de sócato da furna
dando sinais da nova
a taciturneca Lúa.

Preñade a i-alma, recordos
amasados con bagullas!


Óucense fondos salaíos
de unhas agoirentas aves
que van dormir, arroladas
pol-o rumor dos pinales.

Dende as rexiós do mistério
chorade, núbens, chorade!

No cadaleito da noite
xacente a lús dormecidal
a natureza de loito;
no Ceio velas prendidas...

Para rézar pol-o morto,
chamade, campás da ermida!

ALFONSO CASTRO DONO



S A L A I O

Nos ermos da miña anguria
—ai, amor!— late unha esperanza:
a esperanza de ollarte sempre,
aínda nas miñas distancias.

Teño os ollos que me queiman
—ai, meu amor!— de mirarte;
a eito sárganme os beizos
de darlle teu nome aos aires.
Búscote nas lonxanías,
e nas cumes, e nos vales;
fora e por dentro de min;
búscote por todas partes.

Ai, ónde estás meu amor,
que non vés por máis que chamol

Miña esperanza se desfolla
queimada en bágoas de sangue;
xa non sei si me sostén
recordo, esperanzas... ou este
desacougo, este dolor
—ai, meu amor!— de esperarte.

Dos ermos da miña esperanza,
anguria
non te me vaias!

ALVARO DE LAS CASAS

N O R O E S T E

Quén soltou as amarras do vento?
Todal-as campás da costa baten escumas verdes.....
sonoras de viaxes antigos.
No límite xurdíu de pronto un hourizonte de veleiros.
Nos sentimos entusiasmados por esta chuvia de pipas de mar,
que preceden á chegada das vellas goletas fundidas,
tan sinxelas baixo a lúal....
Todol-os mariñeiros están cantando.
E o vello, cheo de recordos sentimentaes, botouse a chorar...
E como sopra Noroeste
o bergantín encolgado da bouta da irexa,
comenza a navegar!

XOSÉ M.^a CASTROVIEJO y BLANCO CICERON



MARIÑEIRA DO VENTO

A Fulana de Tal, muiñada de mares e fantasías.

Mariñeiríña do vento, pra un naufragio
meu curazón está cheo de sede.
(Ao mar ja fun por laranjas,
cousa que teñen teus ollos,
como a lúa de Aldán o pano á curra).

Abóndame a tua voz,
sementeira de ronseles,
para levar o compás,
dos pitagóricos anjos.

Ja sei que te pos anelos
na festa verde dos albres
e faes buracos no ceo
pra un asubío de estrelas.

(Teño para tí unha casa

blanqueada, co-as janelas
pintadas de ría d'Arousa,
i abertas de par en par).

Mariñeira:

qué de cousas tí non sabes
do surrealismo até as cóchegas da augua,
dende o perfil do azul, balcón dos pajaros.

Por riba de Aldán e Bueu
beilas co melro vales de hourizontes;
e vaste, mariñeira, alá ao país
das penduradas lonxanías
a buscar a veleira lua nova
pra adeprender guitarra e Poesía.

JOHAN CARBALLEIRA

CANTARELA D'AMOR

Cantarela d'amor
¿chegarán?
brétema de ilusión
¿fuxirás?

A estrelliña branca e roxa
choraba choiva de prata
namentras no souto a lua
como unha cabra brincaba.

A lua de prata
no souto de ensono

chorou no meu peito
lembanzas d'amor.

A estrelliña branca
bicou tua imaxen
no arco de ouro
da miña ilusión.

Cantarela d'amor
¿chegarás?
brétema de ilusión
¿fuxirás?

A. DIAZ DE HERRERA



CANTIGAS DA NOITE

Co seu fol estrelecido,
canta a Noite unha muiñeira
pol-o punteiro da fonte
i-o roncón da carballeira...
Como abalorios, reloce
encol do fol as estrelas.
i-ao son da mûseca enxebre
de tan xeitosa gaiteira,
bailan saudosas cantigas
nos beizos das lindas nenas...
O Vento —mozo da Noite—
aturuxa que rabea...

O muiño da Noite moe
dourado millo de estrelas...
Pol-o canle da Vía-Láctea,
encol do ceo, escorrega
auga, que move a cotío
a moa da Lua chea...
A lumiosa fariña
vaise xuntando na beira
do Ourente, por onde a Aurora
a enche os seus foles chega:
Ven choutando pol-as cumes
ao compás de unha muiñeira,
que no pandeiro do Sol
tocan as suas mans de brêtema...

Encol do pano da Noite,
a Lua —vella naipeira—
vai pondo as constelaciós,
como cartas agoreiras:...
...Saliu o sete de ouros
da Osa Mayor: boa colleita
anúncea aos vellos, i-ás mozas
unha boda de fachenda...
...Saliu a cunca de Marte,
roxa de sangue: traxedia
agoira, como o As de copas,
nos vagares de unha festa...
...Mais o sopro luminoso
do Sol, pol-o Ourente chega,
faguendo revoar as cartas,
como pombas mensaxeiras,
cara ao pombal do Poniente
a onde a Lua vai collelas.

¡Ouh, xurdia estrela dourada!
Meus amores a tí van
como ao seu trobo as abellas,
como os rolos ao praia,
como a lus do abrente ás cumes,
como os regos van ao mar...

X. M.^a de la FUENTE BERMÚDEZ



I G R E X A F E I T A

No cimiterio aldeán—da igrexa o adro—
ante a cova—xacigo—lembros bós,
s'ouian, responsóreos do pregar,
xuntarse as ladaíñas do louvor!...

.....
Feliz quen tomou neno a vía dereita,
que no adro vai parar, d'Igrexafeita!

Ser que gardarse soubo, sua figura
non sufriu cos rigores da natura.

A néboa, cerrazón; sombr'a ramaxe,
cant'o espriu pasou, moit'a coraxe,
sen que alongos ne atallos pra él ouber,
sen desmaios nen prontos do querer,
o sintido perdendo, oubo sintido,
e puido así salvalo, de perdidol.

A grácea lle valera, lle guiara,
¿como estranar entón que ben chegara,
ó fin, nunca lontan, da vía dereita,
a repousar na paz de Igrexafeita?

No camposanto aquél, adro da igrexa,
ouíanse marmurios, oraciós;
cos responsóreos graves do pregar,
as soaves ladaíñas do louvor.

MARQUÊS DE FIGUEROA



I N V O C A Z Ó N

TRADUCIÓ DOS AUTORES CRÁSECOS

(Do poema «De RERUM NATURA» de Lucrecio.)

¡Nai dos romanos, benfeitora Venus,
encantiño dos deuses e dos homes,
tí que baixo as estrelas esbarantes
do ceo, os mares de navíos enches,
e as terras todas de mil varios froitos:
toda caste dos seres por tí vive
e abre os seus ollol-os solares lumes:
non mais que vindo tí, deusa, que os ventos
fuxen e as nubes pol-o ceo s'espallan,
diante dos pes vaiche botando a terra
xeitosamente as froles a mangados;
o mar faiche sorrisos i-en torrentes
de luz difusa o ceo brila apacibre.
Porque non ben a primaveira asoma
e o Céfiro fecundo é ceibe, que andan,
deusa, os paxaros no teu fogo ardentes
anunciándote a tí e o teu reinado;
e os fatos rebuldando nos lameiros
bariles andan e atravesan ríos
de rápida corrente: d'ise modo
toda a caste de seres enredada
nos teus meigallos e nos teus praceres
vai tras de tí gozosa a todas partes.
Nos mares finalmentes e nos montes,
na fondura dos ríos, nos currunchos
pechos de follateira dos paxaros,
e pol-os eidos verdecentes, fires
os peitos todos co-as feridas doces
do amor e fas que as razas se porpaguen.
Pois porque soila tí todo o gobernas

e sen tí non hai cousa que lumbregue,
nin que amabre se faga nin belida,
quero asociarte a inspiración dos versos
que esquirbo encol da Natureza e adico.
ó Memmio noso; tí quixeches, deusa,
que il garnido de dons brilase en todo,
¡canto máis has d'unxir de inmorredoiras
grazas istes meus versos! Fai en tanto
que as xenreiras feroces da milicia
s'apaciguen nos mares e nas terras.
Tí soila es poderosa a dar os homes
os relanzos da paz, pois o armipodente
Marte, señor de todas-las batallas
acóllese por veces ó teu peito
da ferida inmortal do Amor vencido,
e alí, pousada a diviñal cabeza
contémprate aparbado, deusa, e bebe
nos teus alentol-os engados todos,
e a ialma ten suspensa dos teus beizos.
D'aquela, ¡ouh diva! cando il acougado
no sagro berce do teu colo esteia
e tí cos ollol-o agarimes, mira
de lle dar doces falas abranguendo
a paz tranquiá pr'os Romanos, diosa!
Istes tempos pra patrea son cativos
i-eu non podo ter calma no traballo
e dos Memmios a estirpe tan esgrevia
se debe o ben comun n'istes instantes.

A. GÓMEZ LEDO

Madri, maio 1931.



A N O S A N A I G A L I Z A


É rapaza n-os arrautos fantasiosos,
n-os quererres, e-nas ánsas: n-as esperas!
É neníña n-as sonrisas e os froleos;
son de vella suas benditas esperanzas.

É señora, e mais nai de cinco fillos,
qu'as entranas, mai-lo sangue, dan por elal,
e a reiníña d-a miña alma tanto quérelles,
que xa en vida repartíulles a sua herenza.

Doulle a Lugo o Señor d-os señoriaxes,
n'un altar tallado en almas fervorentas;
fixo a Ourense gardador do seu cerebro,
repartíulles curazós ós seus poetas;
e por ela ergueu Santiago, fachendoso,
o pendón do santo fillo d-a Xudea.

Crúña e Vigo rescibiron aqués mares
ond-a santa nai Galiza se refrexa....
¡Meu amore! ¡Canto ben hay n'iste mundo,
ós filliños ben amados dou, a presas!
¡Nai querida! Viste séreo, de bon pano;
sobr'a fronte unha vistosa pañoleta;
encrucillase n-o peito o dengue, meigo;
y-en sinal, cristiana e doce, d'humildeza,
por amor á tradizón calza, garbosa,
—pulidiñas—unhas zocas villalbesas;
mais por se-lo seu orixen soberano,
(en belezas, en virtudes, en grandezas,) inda ó xeito d-os simplicios días soltos,
luce crúa d'estreliñas sobr'a testa!
¡Hay que vela, po-los prédios españoles,
con rescendos de mazás, rosas e lesta!

.....
¡Eu lle quero como ás nenas d-os meus ollos,
e non deito, sen pregar a Deus por elal



IN ANGORE GAUDIUM...

Saudade... Tristeza... —¡En todo a tristesal
Na voz do mar e do vento.
Na comba dos horizontes.
Na comba do pensamento...

A terra pequeniña é moura e triste.
I-a nosa i-alma é triste...
I-o noso ollar é triste
I-é triste canto existe
na terra miserabre de que nós somos feitos

Mais sobr'a dór das cousas e sobr'a nosa dór,
Puxo Deus un sorriso, unha aurora, unha flor,
¡unha estreliña acesa d'alegría..!
—¡Alegría, alegría!

Verbo de luz sorrindo... Divino Redentor,
crucificado pol-o noso amor,
para que a nosa dór seña alegría...
¡Deus bendiga a alegría!
A alegría do sol, crucificada
nas pedriñas da estrada, ó vil-o día...

A alegría saudosa das chorimas,
cravada nas toxeras...
A alegría da noite, na agonía,
desfacendo-se en bágoas,
para que nelas cante a luz do día...
A alegría do sol cando vai expirar,
aloumiñando a dór dos ermos montes

i-a dór do mar...

A alegría que en min é inmensa dór,
crucificada pol-o meu amor...

A alegría do alén, do alén profundo,
crucificada sobr'a dór do mundo.

A alegría que ven d'alén da vida
Pra acalantar a dór da nosa vida

Esa alegría que se torna en dór
para que a nosa dór seña alegría..

Verbo de luz que en nós ven expirar
pra nos salvar.

Verbo de luz, morrendo nunha cruz
para romper as lousas dos sepulcros
i-hencher a Noite d'infinita luz.

—¡Alegría, alegría!

Deus bendiga a alegría,
crucificada pol-o noso amor
para que a nosa dór seña alegría...

AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO

S O L P O R

Hai unha nube parada
no camiño azur do céu
c'unha fera coitelada
no medio e medio do séo.

Trema na aberta ferida
o sangue d'un arrebol.
¿Quén a firéu? A buída
folla d'un raio de sol.

Alcéndense catro estrelas
a redor da probe morta
e, rechinando as charnelas

abre a noite a negra porta.

San as enloitadas donas
planteando, e os lamentos
anguriados das choronas
montan nas azas dos ventos.

E o mar, que é preste oficiante,
envolto en capa pluvial,
canta solemne e tonante
un responso funeral.

GONZALO LOPEZ ABENTE
Sant Iago de 1931.

N O U T U R N I O

Cantan as estrelas no ceo e no río,
cantan as estrelas,

a cántiga branca

dos momentos líricos

¡Que pena tan fonda n-esta hora sinto...!

Ten o meu silencio

un tremar de bágoas

saudoso e divino...

Cantan as estrelas no ceo e no río,
cantan as estrelas,

a cántiga pura

dos momentos líricos.

JOHAN VIDAL MARTÍNEZ



¡ C H O V E !

Zoa o vento que dá medo,
pol-o mar, dende moi cedo,
o trebón s-espalla e robe.
¡Todo calou no penedo!
¡Chovel

Nos roibons s-encende o trono,
o orvallo solaga en prono
os curutos do Castrove,
o can non atopa o dono.
¡Chovel

Muxe a vaca no valado.
Ó ver o millo anegado
berra de delor o probe.
¡Perdeuse todo o logradol
¡Chovel
¡Chovel
¡Chovel
¡Chovel...
¡Chovel...

XERARDO ALVAREZ LIMESSES
Xulio-Baión

T R A I Ñ E I R O S D E L A X E

*Ó meu irmán galego Camilo Díaz Balboa, c'unha gran fe na súa laboureira de enxeleira
pictórica encol das outras idéas que fai xermolar no lenzo: Raza, Terra e Mar galegos.*

I

O rosáreo de colchos e aparello
os barudos peixeiros van alando,
e das gorkas sonouras sai o vello
cantar que fai mil anos vên cantando.

—Ala panos, peneireiro,
ala panos na paneta;
jala panos, compañeiro,
que oxe hai peixe como areal...

E, ó rolán do estibelo,
os seus corpos balanzan:
—¡Eil, ¡rainal... ¡Eil, ¡rainal...

II

Mentras alan, descalzos, a traíña,
e á salmuira mestúranse os suores,
revoa, cäl revoa unha anduriña,
a triáda que canta as súas dores:

—Sempre, ¡sempre! traballando,
dende a mañán hastra a noite...
¡e sempre probes ficamos!...

C-ó estibelo decote,
barco e corpos abalan:
—¡Eil, rainal... ¡Eil, rainal...

III

E, por sóbor dos berrros das pardelas,
gaivotas e mascatos que revoan
darredor da copeada da traíña,
—n-entón parés sorríran as patelás
e, as lanchas, que s-escoan,
c-ó bô lanse de xarda e de sardiña,—
dan ós ventos aqueles probes páreas
as súas cantareas milenáreas,
que xa findan mainiñas...
mainiñamente... mainas:
—¡Eil, rainal... ¡Eil, ¡rainal...

ANTÓN ZAPATA GARCÍA

Apareceu o volume I da "Biblioteca Murguía"

DE ESTO Y DE LO OTRO

por Roberto Blanco Torres.

Pedidos a NÓS - Hortas, 20 - SANTIAGO

FOTOGRAFADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfecto posibres, convenlle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Drogueria e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luís Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan millor. Véndese en todol-os establecimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

O movimento demostrase andando . . .

O galeguismo lendo as publicazóns **NÓS**

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA
DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecemento dotado de todol-os elementos que exixen a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



A hixiene nos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás súas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto desenvolvemento das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
ÚNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro



AGUAS DE
MONDARIZ
 FUENTES DE GÁNDARA Y TRONCOSO
 Propiedad de los Sres. Hijos de Peñador

Véndese en todas las
 Boticas, Droguerías,
 Hotels,
 Depósitos d'augas
 minerás,
 Restaurantes e
 vagós-camas de
 todos os tres.

Estas augas, de sona universal son
 o remedio enxebre e eficazísimo
 cand'un quer combater o Artritismo,
 a D...tis, Desnutrizón, Obesidades
 diversas, doenzas do Aparello diges-
 tivo, Anemia e Neurastenia

Riquísima auga de mesa
 — gaseada naturalmente —

Mondariz-Balneario, áchase á 35 Km. de Vigo